

CIENCIAS NATURAIS 1

Le atentamente e repasa o que xa aprendemos:

Animais vertebrados e animais invertebrados



Para estudar mellor os animais, clasificámoslos en...

Animais vertebrados



Teñen ósos e esqueleto.

Animais invertebrados



Non teñen ósos nin esqueleto.

Sinala os animais vertebrados:



Para saber máis

Os insectos son os animais invertebrados que máis abundan na Terra. Entre os insectos atopamos as formigas, as moscas, as abellas, os escaravellos...



Mamíferos

Os animais vertebrados poden ser mamíferos, aves, peixes, réptiles ou anfibios.

Mamíferos

Nacen do ventre da nai e maman cando son pequenos.

Respiran polos pulmóns e a maioría teñen o corpo cuberto de pelo, como o can, o tigre ou a vaca.

Moitos mamíferos desprázanse por terra, pero non todos. A balea e o golfiño viven no mar.

O morcego é o único mamífero que voa. Vive en covas e lugares escuros, e dorme cabeza abaixo.



Adiviña que animal é e debúxao:

- É mamífero.
- Ten pelo.
- Vive coas persoas.
- Hai diferentes razas.
- Gústalle xogar e move a cola cando está contento.
- Hai que sacalo a pasear todos os días.



Sinala os animais que son mamíferos:

atún

lagarta

parrulo

oso

ra

golfiño

gato

Aves

Son animais vertebrados que nacen dun ovo.

Teñen o corpo cuberto de plumas, dúas ás, dúas patas e un peteiro. Respiran polos pulmóns.

A maioría teñen ás para voar. Pero hai aves que non voan, como a galiña, a avestruz ou o pingüín.



Atopa o animal despistado e completa:

Aves




– Animal despistado: _____

– A que grupo pertence?

mamíferos

insectos

Escribe as partes da ave:




Peixes

Son animais vertebrados e teñen unha espiña desde a cabeza á cola. Nacen dun ovo.

Teñen o corpo cuberto de escamas e a súa pel é viscosa. Respiran polas branquias.

Para nadar e moverse pola auga utilizan as aletas e a cola.

Hai peixes de auga doce, como a carpa, e peixes de auga salgada, como o atún.



Indica se é verdadeiro ou falso:

- Os peixes respiran a través dos pulmóns.
- Os peixes teñen o corpo cuberto de escamas.
- Os peixes usan as aletas e a cola para nadar.
- Os peixes nacen do ventre da nai.

Sinala se é de auga doce ou salgada:

auga salgada 

auga doce 



quenlla



balea



troita

– Cal non é un peixe? _____

COMPROBA o que fixeches:



atún

lagarta

parrulo

oso

ra

golfinho

gato

Aves




- Animal despistado: A mosca.

- A que grupo pertence?

mamíferos

insectos

Escribe as partes da ave:



Os peixes respiran a través dos pulmóns.

Os peixes teñen o corpo cuberto de escamas.

Os peixes usan as aletas e a cola para nadar.

Os peixes nacen do ventre da nai.

Sinala se é de auga doce ou salgada:

auga salgada 

auga doce 



quenlla



balea



troita

- Cal non é un peixe? A balea é un mamífero.

CIENCIAS NATURAIS 2

Repasemos máis cousas sobre os animais:

Réptiles

Réptiles



Son animais vertebrados e ovíparos.
Teñen o corpo cuberto dunhas
escamas moi duras e resistentes.
Respiran polos pulmóns.



Algúns teñen catro patas, como os
crocodilos, outros arrástranse polo
chan, como as serpes, ou teñen unha
cuncha dura, como a tartaruga.



Relaciona e escribe o nome:



- Gústalle tomar o sol. _____
- Pode cambiar de cor. _____
- Leva a casa ás costas. _____
- Ao medrar, muda a pel. _____

Anfibios

Os anfibios son animais vertebrados e ovíparos.

Os anfibios como a ra ou o sapo, cando son pequenos, son moi diferentes de como serán de adultos.

Tamén cambia o seu medio: os cágados viven na auga e cando medran viven sobre a terra, pero preto da auga.

Os anfibios teñen a pel húmida e respiran polos pulmóns e pola pel.



Sinala se é un réptil ou un anfibio:

réptil 

anfibio 



crocodilo



ra



píntega



lagarta

Aprendín



Nestas definicións hai unha palabra trabucada. Ríscaa e escribe a palabra correcta:



Os **mamíferos** son animais vertebrados e vivíparos. Respiran polas branquias.



As **aves** son animais vertebrados e vivíparos. Respiran polos pulmóns.



Os **peixes** son animais vertebrados e ovíparos. Teñen escamas e ás para nadar.



Os **réptiles** son animais invertebrados e ovíparos. Respiran polos pulmóns.



Os **anfíbios** son animais vertebrados e ovíparos. De pequenos viven na terra.



- 2 Gústalle tomar o sol. *O lagarto.*
- 3 Pode cambiar de cor. *O camaleón.*
- 4 Leva a casa ás costas. *A tartaruga.*
- 1 Ao medrar, muda a pel. *A serpe.*

réptil

anfíbio



crocodilo

ra

píntega

lagarta



Os **mamíferos** son animais vertebrados e vivíparos. Respiran polas branquias.

pulmón



As **aves** son animais vertebrados e vivíparos. Respiran polos pulmóns.

ovíparos



Os **peixes** son animais vertebrados e ovíparos. Teñen escamas e ~~as~~ para nadar.

aletas



Os **réptiles** son animais invertebrados e ovíparos. Respiran polos pulmóns.

vertebrados



Os **anfíbios** son animais vertebrados e ovíparos. De pequenos viven na ~~terra~~.

auga